

## **BASES PARA O FUNCIONAMENTO DUNHA COMISIÓN DE TRABALLO SECTORIAL OU MAREA SECTORIAL**

### **1. Que é una marea sectorial?**

As mareas sectoriais ou Grupos de traballo sectorial serán a forma de participación activa e directa das persoas inscritas en En Marea arredor de áreas temáticas concretas.

As dinámicas de traballo que se xeren no seu seo serán permanentemente abertas, de xeito que calquera inscrita poderá participar dende o momento que o solicite aínda que o faga despois de terse posto en marcha o concreto grupo de traballo.

As Comisións de Traballo Sectoriais terán como función dar apoio específico á labor dos grupos institucionais na elaboración de iniciativas e vertebrar as relacións deste coa sociedade civil e o tecido social organizado. Tamén recoller, debater e comunicar tódalas propostas referentes ao sector para o seu tratamento en Plenario. Serán un punto de conexión, comunicación e de referencia para as distintas asociacións, agrupacións e persoas,... con ideas comúns e que estean dentro do seu ámbito.

Os grupos institucionais pola súa parte escoitarán e informarán ás Mareas Sectoriais nas materias da súa incumbencia.

### **2. Que temáticas abranguen?**

As mareas sectoriais abranguerán áreas temáticas amplas, e poderán xerar internamente grupos específicos de traballo en asuntos concretos.

As mareas sectoriais terán autonomía para decidir os asuntos de interese social e político a tratar en cada momento dentro das liñas políticas de En Marea.

Tamén poderán manter debates e formular propostas ou aliñamentos políticos a

instancia do Consello, a Coordinadora ou os grupos parlamentarios.

En todos os seus traballos as mareas sectoriais incorporarán na súa análise a perspectiva de xénero.

### **3. Como será a dinámica de traballo?**

Nas mareas sectoriais poderanse formular propostas relativas a temas concretos par a súa análise e debate, co obxecto de mellorar a formación e a información de todo o espazo de confluencia, así coma no seu caso a proposta de toma de posición política sobre o debatido.

As propostas de traballo, unha vez perfiladas, darán necesariamente lugar a un ou varios debates presenciais, en clave de posta en común, xornada de formación ou no seu caso de fixación de proposta de posición.

As mareas sectoriais darán conta á coordinadora e ao consello da súa actividade e do resultado do seu traballo para a súa difusión entre as inscritas.

Para todas aquelas propostas que impliquen unha posición política novidosa o Consello remitiraa o Plenario para a súa o seu debate e aprobación, e no seu caso, incorporación aos postulados políticos de En Marea. A instancias da propia marea sectorial ou do Consello, poderase trasladar previamente ás mareas locais para o seu debate.

### **4. Como será o funcionamento interno dunha marea sectorial?**

O funcionamento estará guiado polos principios de cooperación, consenso, publicidade e tenderán a autorregulación interna. Habilitaranse ferramentas para que poidan desenvolver as súas tarefas tanto de xeito presencial como por vía telemática, aínda que se fomentará que os debates se poñan en común de forma presencial e aberta a todas as persoas inscritas.

Cada marea sectorial terá un grupo dinamizador escollido de entre as persoas que a integren. Exercerá de forma colexiada as labores de impulso, coordinación e loxística. A súa composición será paritaria.

Fomentarán o debate e a obtención de resultados que podan ser compartidos, así como a maior participación posible de persoas inscritas.

Para o desenvolvemento das súas funcións, terá o auxilio da area de formación e mareas sectoriais da coordinadora.

O grupo dinamizador contará preferentemente, como mínimo, cunha persoa por provincia para que nun momento dado poida encargarse da loxística e moderación de xornadas de traballo presencial o mais próximas posibles aos inscritos.

Este grupo será o encargado de coordinarse coas persoas responsables de formación e mareas sectoriais da Coordinadora para o envío de comunicacións ás persoas que conforman a marea.

Todos os acordos e dinámicas de traballo estarán accesibles na web de En Marea nun apartado específico e aberto a todas as inscritas.

#### **5. Cómo tomarán as súas decisións?**

Democraticamente. Serán deliberativos e as decisións tomaranse por consenso. De non ser posíbel presentaranse as diversas propostas alternativas.

#### **6. Cal será o seu réxime de sesións?**

Terán autonomía para definir o seu réxime de sesións.

## **7. Como cesarán as persoas nas súas funcións nestas estruturas?**

Por vontade propia ou por perda da confianza do grupo. Sería recomendable que as funcións nestes grupos fosen rotatorias.

## **8. Como bota a andar unha marea sectorial?**

A instancias dun grupo de tres ou máis persoas que teñan interese en traballar nun área concreta, ou que xa o veñan facendo no entorno da marea (por exemplo nos grupos de traballo de apoio ao Grupo parlamentario), a coordinadora deberá convocar unha marea constituínte aberta a todas as persoas inscritas.

As sucesivas convocatorias só se enviarán ás persoas que amosaran o seu interese en traballar na marea sectorial, quer por asistir, quer por enviar solicitude de inclusión no grupo, quer por terse anotado previamente na enquisa ou na web.

É a propia marea quen escolle o grupo dinamizador.

Na primeira comunicación darase conta da posta en marcha da mesa sectorial, e se trasladará unha enquisa na que se poida coñecer os temas de interese de cada quen. O grupo dinamizador terao en conta á hora de lanzar temas concretos de traballo.

O Plenario deberá ratificar a posta en marcha de cada marea sectorial, previa rendición de contas, no seu caso, do traballo desenvolvido ata ese momento.

## **9. Como se extinguirán?**

Por vontade propia, ou por acordo do Plenario a petición do Consello da Marea.